2022

# INFORME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN ANUAL

PLAN ESTRATÉXICO 2021-2026

COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Universidade de Vigo

# Índice

Resumo executivo ... 6

Resumo da traxectoria do Plan estratéxico e do seu seguimento ... 7

Comisión de seguimento ... 7

Primeiro informe de seguimento (2021) ... 8

Seguimento de 2022 ... 10

Análise dos obxectivos estratéxicos ... 12

**Obxectivo 1**. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna ... 13

Evolución dos indicadores ... 14

Análise ... 14

**Obxectivo 2**. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado ... 15

Evolución dos indicadores ... 16

Análise ... 16

**Obxectivo 3.** Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna ... 18

Evolución dos indicadores ... 19

Análise ... 19

**Obxectivo 4.** Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado ... 21

Evolución dos indicadores ... 22

Análise ... 22

**Obxectivo 5.** Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade ... 23

Evolución dos indicadores ... 24

Análise ... 24

**Obxectivo 6.** Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo ... 25

Evolución dos indicadores ... 26

Análise ... 27

**Obxectivo 7**. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais ... 28

Evolución dos indicadores ... 29

Análise ... 29

**Obxectivo 8**. Impulsar a colaboración público-privada ... 30

Evolución dos indicadores ... 31

Análise ... 31

**Obxectivo 9**. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas ... 32

Evolución dos indicadores ... 33

Análise ... 34

**Obxectivo 10**. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente ... 35

Evolución dos indicadores ... 36

Análise ... 36

**Obxectivo 11**. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias ... 37

Evolución dos indicadores ... 38

Análise ... 38

**Obxectivo 12**. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus ... 39

Evolución dos indicadores ... 40

Análise ... 40

**Obxectivo 13.** Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria ... 41

Evolución dos indicadores ... 42

Análise ... 42

**Obxectivo 14**. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade ... 43

Evolución dos indicadores ... 44

Análise ... 44

**Obxectivo 15**. Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros ... 45

Evolución dos indicadores ... 46

Análise ... 46

**Obxectivo 16**. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras ... 47

Análise ... 47

**Obxectivo 17.** Deseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións ... 48

Evolución dos indicadores ... 49

Análise ... 49

**Obxectivo 18**. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza ... 50

Evolución dos indicadores ..... 51
Análise ..... 51
**Obxectivo 19**. Ciencia aberta ..... 52
Evolución dos indicadores ..... 53
Análise ..... 53
**Obxectivo 20**. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade ..... 54
Evolución dos indicadores ..... 55
Análise ..... 55
**Obxectivo 21**. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados ..... 56
Evolución dos indicadores ..... 57
Análise ..... 57
**Obxectivo 22**. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para elaborar propostas multidisciplinarias competitivas no ámbito nacional e internacional ..... 58
Evolución dos indicadores ..... 59
Análise ..... 59
**Obxectivo 23**. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo ..... 60
Evolución dos indicadores ..... 61
Análise ..... 61
**Obxectivo 24**. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria ..... 62
Evolución dos indicadores ..... 63
Análise ..... 63
**Obxectivo 25**. Captar PDI e PAS con talento ..... 64
Evolución dos indicadores ..... 65
Análise ..... 65
**Obxectivo 26**. Captar estudantado con talento ..... 66
Evolución dos indicadores ..... 67
Análise ..... 67
**Obxectivo 27**. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade ..... 68
Evolución dos indicadores ..... 69
Análise ..... 70
**Obxectivo 28**. Contribuír á transformación dixital da universidade ..... 71
Análise ..... 71
**Obxectivo 29**. Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo ..... 72

Análise ........................................................................................................................ 73

# Resumo executivo

O presente documento de seguimento anual do Plan estratéxico da Universidade de Vigo ten como obxectivo principal mostrar o grao de avance na consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan estratéxico 2021-2026. Para iso, preséntanse os principais resultados obtidos en relación coas accións levadas a cabo durante o ano, así como os indicadores utilizados para medir o progreso e o impacto das devanditas accións. Este documento pretende ser unha ferramenta de avaliación e de análise para tomar decisións, permitindo identificar as fortalezas e as debilidades da universidade no seu camiño cara ao logro dos seus obxectivos estratéxicos. Con isto, búscase garantir unha mellora continua na calidade do ensino, investigación e xestión, e unha maior eficiencia e eficacia no uso dos recursos.

Das **117** accións estratéxicas que forman o plan, 6 xa están completadas, **76** están iniciadas e **36** están pendentes. Durante o proceso de seguimento, identificouse 1 acción que se pode eliminar por estar duplicada no plan.

No ano 2022, dos **157** indicadores que o Plan estratéxico orixinal recollía, contábanse con **98** indicadores avaliados. Estes indicadores pódense comparar na súa maioría cos valores obtidos en 2021 para así poder establecer se a tendencia é boa ou, se polo contrario, se require dalgunha acción adicional. Por isto, por primeira vez no seguimento do plan pode falarse de tendencia nos indicadores, o cal será unha ferramenta de enorme interese durante os futuros seguimentos.

# Resumo da traxectoria do Plan estratéxico e do seu seguimento

En decembro de 2020 o Consello de Goberno e o Consello Social aprobaron o Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo. Un ano despois, o presente documento constitúe o informe de seguimento tras o seu primeiro ano de aplicación.

Son numerosas as propostas de actuación nas que se articula o noso plan estratéxico. Ao longo do seu primeiro ano de vida, moitas destas iniciativas foron desenvolvidas nos vixentes plans de actuación da Universidade de Vigo; pola contra, algunhas outras iranse incorporando nos plans de actuación futuros.

## Comisión de seguimento

A comisión de seguimento foi creada por acordo co Claustro na sesión de aprobación do Plan estratéxico.[1] Segundo o acordo do Claustro, e segundo o que figura no Plan estratéxico, son funcións da comisión:

> A **comisión de seguimento do Plan estratéxico** levará a cabo un seguimento anual do desenvolvemento e implantación das accións estratéxicas e do grao de consecución dos obxectivos recollidos no plan.
>
> A comisión de seguimento do Plan estratéxico **será aprobada** polo **Consello de Goberno** e procurará a máxima representación dos ámbitos, os campus e os colectivos que forman a UVigo.

A comisión está formada por:[2]

- O reitor/a que a preside
- 5 PDI
- 4 decanos/as ou directores/as de centro
- 4 directores/as de departamento
- 5 PAS
- 5 estudantes
- 1 representante do Consello Social
- 1 representante da sociedade

Son funcións da comisión de seguimento:

- Elaborar os informes de:
  - Seguimento e avaliación anual, que consistirá nunha análise e na revisión dos resultados a curto prazo.
  - Avaliación intermedia que se elaborará unha vez superada a metade do período de validez do plan. Terá como obxectivo emprender as accións de axuste que fosen convenientes e dispoñer de criterios fundados cos que ordenar as medidas futuras.

[1]uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estratexico-2021-2026
[2]www.uvigo.gal/comision-seguimento-plan-estratexico

    - Avaliación final, que comprenderá o dobre obxectivo de contar cun elemento de referencia para posteriores actuacións e o de establecer unha valoración global de realizacións e logros.
- Propoñer directrices para conseguir os obxectivos e establecer prioridades entre as accións previstas nestes.
- Realizar a proposta de revisión ou actualización dos obxectivos, accións e indicadores cando o considere oportuno.
- Solicitarlles aos diferentes servizos da UVigo canta información sexa necesaria para realizar o correcto seguimento do plan.

## Primeiro informe de seguimento (2021)

O obxectivo principal do informe de seguimento 2021 consistiu en avaliar as distintas actuacións que a Universidade de Vigo executou ao longo do ano 2021 nos cinco eixes estratéxicos definidos no plan, así como analizar as medidas que nos permitan controlar se se están alcanzando os obxectivos establecidos; e, por conseguinte, o axuste estratéxico perseguido entre a Universidade de Vigo e a súa contorna.

O informe de seguimento 2021 permitiu identificar e concretar as áreas nas que son necesarias articular plans de actuación futuros. Cada obxectivo estratéxico acompáñase dunha táboa na cal se identifican as accións estratéxicas e o seu estado de execución. Consideramos catro posibles estadios: **completada** (a proposta estase a implantar no ano avaliado), **en proceso** (comezouse a traballar sobre a proposta para poder implantala), **pendente** (a proposta aparece reflectida no Plan estratéxico, pero aínda non se comezou a traballar) ou **anulada** pola comisión (por estar repetida).

Dos 29 obxectivos estratéxicos, no informe de 2021 xa están comezados 27. Os 2 restantes non teñen ningunha das accións previstas en marcha.




Situación dos obxectivos a finais de 2021

Das 118 accións estratéxicas que forman o plan, 5 xa están completadas, 68 están iniciadas e 44 están pendentes. Durante o proceso de seguimento identificouse 1 acción que se pode eliminar por estar duplicada no plan.




Situación das accións a finais de 2021

O Plan estratéxico recollía inicialmente 158 indicadores, os cales foron obxecto de moito traballo por parte da comisión. Na data de peche do presente documento, contábanse con 65 indicadores avaliados e outros 32 en proceso de obtención. A comisión deberá revisar 57 indicadores, xa que a súa definición actual non permite valoralos directamente, e 3 indicadores pódense eliminar por estar duplicados.

# Seguimento de 2022

Durante 2022 seguiuse a traballar en todos o eixes do Plan estratéxico. Aínda que houbo un período de 2022 que se viu afectado polas eleccións á Reitoría da Universidade de Vigo, unha vez concluído o proceso electoral, retomáronse as actividades con normalidade.

Como novidade do seguimento de 2022, por primeira vez púdese establecer unha comparación no valor dos indicadores obtidos ao existir en moitos deles o valor de 2021. A citada comparación permitirá falar de «evolución» e, co fin de que sexa visual a súa comparación, codificarase a través dun sistema de frechas (véxase a táboa).

| Evolución 2021/2022 | Símbolo | Significado |
|---|---|---|
| Se os indicadores están dispoñibles, a partir da comparación entre eles, e tomando sempre que o aumento representa mellora (se o indicador debe diminuír, a tendencia positiva é que en 2022 sexa máis baixo ca en 2021) | | |
| **Negativa** | ⬇ | Claro descenso do indicador |
| **Tendente á baixa** | ↘ | Lixeiro descenso |
| **Estable** | → | Valor suficientemente próximo como para non poder falar de cambio |
| **Tendente á alza** | ↗ | Lixeiro ascenso |
| **Positiva** | ⬆ | Claro incremento do indicador |
| No caso de que os indicadores non estean dispoñibles ou sexa imposible facer a comparación cuantitativa entre eles | | |
| **Evidencia xerada** | ✔ | Evidencia xerada. Non é posible a comparación |
| **Novo indicador** | ⇧ | Non existe aínda base para a comparación |
| **Non avaliable** | = | Non é posible facer unha comparación cuantitativa |

Como indica a táboa, a determinación dunha evolución non sempre é posible. Existen indicadores que, pola súa natureza non numérica, non se poden comparar en termos de evolución, ou non existe base de comparación no seguimento de 2021. Tamén hai indicadores aínda non dispoñibles en 2022. O balance global da avaliación dos indicadores durante o 2022 é a que se amosa na seguinte táboa:

| Evolución 2021/2022 | Símbolo | Número |
|---|---|---|
| **Negativa** | ⬇ | 3 |
| **Tendente á baixa** | ↘ | 9 |
| **Estable** | → | 17 |
| **Tendente á alza** | ↗ | 10 |

| | | |
|---|---|---|
| **Positiva** | ↑ | 17 |
| **Evidencia xerada** | ✓ | 2 |
| **Novo indicador** | ⇧ | 22 |
| **Non avaliable** | = | 18 |
| **Con evolución 2021/2022** | ↓ ↘ → ↗ ↑ | 56 |
| **Avaliados 2022** | Todos – (=) | 80 |
| **Total** | Todos | 98 |

Se englobamos os indicadores con tendencia (positiva ou negativa) e os comparamos co número total de indicadores, obtemos os seguintes resultados:

| Evolución | Símbolos | Número | Sobre ind. con evolución 2021/2022 | Sobre ind. avaliados 2022 | Sobre total ind. |
|---|---|---|---|---|---|
| **Positiva** | ↗ + ↑ | 27 | 48,2 % | 33,75 % | 27,6 % |
| **Estable** | → | 17 | 30,4 % | 21,25 % | 17,3 % |
| **Negativa** | ↓ + ↘ | 12 | 21,4 % | 15 % | 12,2 % |

Podemos ver, polo tanto, que se tomamos como base de comparación os indicadores nos que foi posible facer a comparación de 2022 fronte a 2021, case a metade (48,2 %) amosa unha tendencia positiva, mentres que algo máis da quinta parte dos indicadores (21,4 %) amosa unha tendencia negativa.

Destaca tamén a incorporación de 22 novos indicadores que puideron ser obtidos para o seguimento de 2022 e que en 2021 no estaban dispoñibles. Deste xeito, aumenta ata 98 a cifra de indicadores avaliados neste ano e quedan aproximadamente 40 pendentes de reformulación ou sistematización.

# Análise dos obxectivos estratéxicos

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna

Eixe estratéxico | Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 1,1 | Elaborar un mapa de titulacións propio da Universidade de Vigo tendo en conta a especialización dos campus | Iniciada | = |
| 1,2 | Desenvolver titulacións novas e atractivas en todas as ramas de coñecemento | Iniciada | ↗ → |
| 1,3 | Implantar progresivamente titulacións completas ou en parte en liña | Iniciada | → |
| 1,4 | Incluír contidos específicos obrigatorios transversais en aspectos como as competencias dixitais e informativas, a igualdade, o desenvolvemento sostible, o emprendemento, o compromiso social, a inclusión… (obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030) | Pendente | = |

Nota: o eixe principal tratado por un obxectivo aparece en cor dourada. Os eixes complementarios afectados por cada obxectivo aparecen en cor gris.

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 01 | Desenvolver titulacións novas e atractivas en todas as ramas de coñecemento | 1.2.1 | Número de novas titulacións implantadas nun prazo, desagregado por ramas de coñecemento | Curso 2020/2021<br>Grao: 0<br>Mestrado: 1 de artes e humanidades, 4 de enxeñaría e arquitectura; 5 de ciencias da saúde<br>(Total 4)<br>Doutoramento: 1 de ciencias sociais e xurídicas | Curso 2021/2022<br>Grao 1, de artes e humanidades<br>Mestrado 1, de enxeñaría e arquitectura<br>Doutoramento 0 | ↗ |
| Obxectivo 01 | Desenvolver titulacións novas e atractivas en todas as ramas de coñecemento | 1.2.2 | Indicadores da demanda destas novas titulacións (ocupación, preferencia…) | Curso 2020/2021<br>Taxa preferencia global = 141 %<br>(preinscritos en primeira opción/número de prazas ofertadas) | Curso 2021/2022<br>Taxa de preferencia global=139,84 %<br>(preinscritos en primeira opción =3710/número de prazas ofertadas = 5188 | → |
| Obxectivo 01 | Implantar progresivamente titulacións completas ou en parte en liña | 1.3.1 | Evolución do número de titulacións na UVigo impartidas na modalidade semipresencial ou non presencial | Curso 2020/2021<br>Grao: 2 titulacións<br>Mestrado: 18 | Curso 2021/2022<br>Grao: 2<br>Mestrado: 15 | → |

## Análise

- O indicador **1.2.1** combina a evolución de grao e mestrado e, por tanto, a súa comparación é ambigua. Na comparación de 2022 fronte a 2021 considérase que a implantación dun novo grao é algo máis relevante ca o maior número de mestrados implantados en 2021.
- Os niveis de preferencia (**1.2.2**) semellan razoablemente estables.
- O número de titulacións impartidas na modalidade semipresencial ou non presencial (**1.3.1**) é estable.
- No RD 822/2021[3] recóllese o termo «híbrida» para a educación habitualmente coñecida como semipresencial e «virtual» para a non presencial. Proponse a revisión dos termos do Plan estratéxico para a súa adecuación á terminoloxía do Real decreto.

[3]boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2021-15781

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 2.1 | Configurar unha oferta formativa seguindo o modelo dual (universidade/empresa) | Iniciada | → |
| 2.2 | Desenvolver programas formativos conxuntos e sostibles economicamente | Iniciada | ↑ |
| 2.3 | Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento para mellorar a conexión coa sociedade | Iniciada | ↗ ↑ → |
| 2.4 | Mellorar o desenvolvemento de competencias transversais e dixitais, incluíndo a perspectiva de xénero: multilingüismo, liderado, traballo en equipo, resolución de problemas | Pendente | = |
| 2.5 | Ampliar e promover as accións orientadas ao emprego e ao emprendemento nos tres campus | Iniciada | → |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 02 | Configurar unha oferta formativa seguindo o modelo dual (universidade/empresa) | 2.1.1 | Número de programas de formación dual na universidade | Curso 2020/2021<br>Número: 0 | Curso 2021/2022<br>Número: 0 | ➔ |
| Obxectivo 02 | Desenvolver programas formativos conxuntos e sostibles economicamente | 2.2.1 | Porcentaxe de programas formativos conxuntos que permanecen activos despois de tres anos desde a súa implantación | Indicador non implantado | 2 | ⇧ |
| Obxectivo 02 | Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento para mellorar a conexión coa sociedade | 2.3.1 | Porcentaxe de estudantes en prácticas académicas (curriculares e extracurriculares) nun curso académico | Curso 2020/2021<br>Porcentaxe: 21,37 % | Curso 2021/2022<br>Porcentaxe: 22,96 % | ⬈ |
| Obxectivo 02 | Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento para mellorar a conexión coa sociedade | 2.3.2 | Índice de satisfacción coas prácticas académicas curriculares e extracurriculares | Indicador non implantado | Informe de satisfacción implantado na plataforma de prácticas a partir de setembro de 2022. Resultados de avaliación do alumnado das PE extracurriculares (FUVI) e das PEC (centros) | ⇧ |
| Obxectivo 02 | Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento para mellorar a conexión coa sociedade | 2.3.3 | Número de estudantes en prácticas externas | N. D. | N. D. | = |
| Obxectivo 02 | Ampliar e promover as accións orientadas ao emprego e ao emprendemento nos tres campus | 2.5.1 | Número de actividades de fomento do emprego desenvolvidas pola UVigo por curso académico | Curso 2019/2020<br>Orientación laboral: 29 entrevistas<br>Intermediación laboral: 184 ofertas<br>Xestión de bolsas de formación: 65<br>Convenios de cooperación educativa: 381 | Curso 2021/2022<br>Orientación laboral: 26 entrevistas individualizadas<br>Intermediación laboral: 175 ofertas de emprego<br>Xestión de bolsas: 76 bolsas de formación práctica<br>Convenios de cooperación educativa: 647<br>Formación para o emprego e o emprendemento: 3 actividades formativas e 12 proxectos | ➔ |

## Análise

- Os indicadores **2.3.1** e **2.3.3** están pendentes de reformulación. No portal de transparencia da UVigo está publicada a información do número de prácticas curriculares e do número de prácticas extracurriculares, polo que ese dato se pode incorporar. Por outra parte, o indicador 2.3.3 sería lóxico que fose a suma das prácticas curriculares e extracurriculares. O problema que se atopa é que a información das

prácticas curriculares e os datos das extracurriculares ten fontes diferentes. Pódese dar o caso de que o alumnado faga prácticas extracurriculares e que despois as valide como curriculares. O dato non será fiable ata que se xestionen conxuntamente todas as prácticas. Este curso académico 2022/2023 estase a cargar todo nunha única aplicación para facilitar o procesamento da información.

- En 2022 lógrase a sistematización dos indicadores **2.2.1** e **2.3.2**, o cal permitirá a súa comparación en futuros informes.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 3.1 | Planificar unha oferta de titulacións propias: formación ao longo da vida profesional (externa e interna), programa de maiores e formación complementaria | Iniciada | → |
| 3.2 | Deseñar e implantar accións formativas presenciais, semipresenciais e en liña, e mellorar a súa visibilidade na contorna socioeconómica | Iniciada | → → ↑ |
| 3.3 | Desenvolver modalidades formativas innovadoras e fomentar os contidos abertos | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 03 | Planificar unha oferta de titulacións propias: formación ao longo da vida profesional (externa e interna), programa de maiores e formación complementaria | 3.1.1 | Número de titulacións propias | Curso 2020/2021<br>Número de cursos: 201<br>Matrícula: 3925 | Curso 2021/2022<br>Número de cursos: 200<br>Matrícula: 4072 | → |
| Obxectivo 03 | Deseñar e implantar accións formativas presenciais, semipresenciais e en liña, e mellorar a súa visibilidade na contorna socioeconómica | 3.2.1 | Número de cursos desenvolvidos en cada unha das modalidades | Curso 2020/2021<br>Total de 42 titulacións e cursos propios con 1242 persoas matriculadas<br>Destas:<br>Titulacións propias: 1 con 28 alumnas<br>Cursos propios: 42 con 1214 persoas matriculadas<br>Actividades de formación: 1 con 99 matrículas<br>Actividades de voluntariado e cooperación: 4 con 114 matrículas<br>Cursos complementarios: 7 con 102 matrículas<br>Cursos de formación: 15 con 584 matrículas<br>Cursos especialistas: 3 con 56 matrículas<br>Talleres e obradoiros: 9 con 116 matrículas<br>Outros: 2 con 143 matrículas | Curso 2021/2022<br>Titulacións propias: 1<br>Cursos complementarios: 2<br>Cursos de extensión universitaria: 83<br>Cursos de galego: 11<br>Cursos de idiomas: 81<br>Cursos de formación: 7<br>Cursos de especialista: 7<br>Talleres/Obradoiros: 6<br>Programa de maiores: 2 | → |
| Obxectivo 03 | Deseñar e implantar accións formativas presenciais, semipresenciais e en liña, e mellorar a súa visibilidade na contorna socioeconómica | 3.2.2 | Número de persoas matriculadas neses cursos | Curso 2020/2021<br>Total de 42 titulacións e cursos propios con 1242 persoas matriculadas<br>Destas:<br>Titulacións propias: 1 con 28 alumnas<br>Cursos propios: 42 con 1214 persoas matriculadas<br>Actividades de formación: 1 con 99 matrículas<br>Actividades de voluntariado e cooperación: 4 con 114 matrículas<br>Cursos complementarios: 7 con 102 matrículas<br>Cursos de formación: 15 con 584 matrículas<br>Cursos especialista: 3 con 56 matrículas<br>Talleres e obradoiros: 9 con 116 matrículas<br>Outros: 2 con 143 matrículas | Curso 2021/2022<br>Titulacións propias: 7<br>Cursos complementarios: 30<br>Cursos de extensión universitaria: 1401<br>Cursos de galego: 261<br>Cursos de idiomas: 1606<br>Cursos de formación: 219<br>Cursos de especialista: 119<br>Talleres/Obradoiros: 40<br>Programa de maiores: 389 | → |
| Obxectivo 03 | Deseñar e implantar accións formativas presenciais, semipresenciais e en liña, e mellorar a súa visibilidade na contorna socioeconómica | 3.2.3 | Número de accións de formación aberta (cursos en liña masivos e abertos [MOOC], vídeos curtos etc.) dispoñibles na Universidade de Vigo cada curso académico | Indicador non implantado | 1 | ↑ |

## Análise

- Os indicadores **3.1.1**, **3.2.1** e **3.2.2** amosan unha certa estabilidade na captación de estudantado.

- O indicador **3.2.3** obtívose por primeira vez en 2022 e, polo tanto, poderase comparar en futuros seguimentos do plan.
- Os indicadores da acción **3.3** deberán reformularse.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado

Eixe estratéxico | Valor/Identidade







Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 4.1 | Potenciar o desenvolvemento de competencias transversais no profesorado, con especial énfase no ámbito das metodoloxías educativas da pedagoxía e do uso de recursos dixitais | Iniciada | ↘ |
| 4.2 | Elaborar un plan de innovación docente e crear as plataformas necesarias para a súa xestión e uso efectivo | Iniciada | ↑ ↑ ↑ → |
| 4.3 | Fomentar a cultura da calidade no marco da docencia e da avaliación do estudantado | Iniciada | ✓ |
| 4.4 | Crear un repositorio de recursos didácticos. Socialización de experiencias docentes entre o profesorado | Pendente | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 04 | Potenciar o desenvolvemento de competencias transversais no profesorado, con especial énfase no ámbito das metodoloxías educativas da pedagoxía e do uso de recursos dixitais | 4.1.2 | Persoas matriculadas nestes cursos e porcentaxe de profesorado formado nestes cursos | Ano 2020<br>Homes: 796<br>Mulleres: 1024 | Ano 2021<br>31 cursos de formación PDI (participaron 420 homes e 613 mulleres)<br>53 grupos de innovación docente (participaron 195 homes e 222 Mulleres) | ↘ |
| Obxectivo 04 | Elaborar un plan de innovación docente e crear as plataformas necesarias para a súa xestión e uso efectivo | 4.2.1 | Evolución do número de iniciativas de innovación docente e do número e porcentaxe de profesorado participante | Indicador non implantado | 3 proxectos/12 docentes coordinación/89 participantes | ↑ |
| Obxectivo 04 | Elaborar un plan de innovación docente e crear as plataformas necesarias para a súa xestión e uso efectivo | 4.2.2 | Número de grupos de innovación docente creados | Indicador non implantado | 6 | ↑ |
| Obxectivo 04 | Elaborar un plan de innovación docente e crear as plataformas necesarias para a súa xestión e uso efectivo | 4.2.3 | Número de plataformas creadas | Indicador non implantado | Plataforma de autoformación | ↑ |
| Obxectivo 04 | Fomentar a cultura da calidade no marco da docencia e da avaliación do estudantado | 4.3.3 | Normativas de avaliación, de cualificación e de calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado | Ano 2021<br>Aprobación do Regulamento de estudantes | Ano 2021<br>Aprobación do Regulamento de estudantes | ✓ |

## Análise

- O indicador **4.1.2** ten unha formulación ambigua. A «porcentaxe de profesorado formado nestes cursos» podería interpretarse como a relación entre a oferta de prazas e a demanda (taxa de ocupación dos cursos) ou como a relación entre a poboación de profesorado total e o número de persoas que asisten aos cursos. O número de persoas matriculadas é un dato que se obtén agora mesmo da EAFP.
- O indicador **4.3.3**, por tratarse dunha evidencia que xa foi creada, non poderá seguir avaliando esta acción. A comisión de seguimento deberá formular novos indicadores.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 5.1 | Mellorar o nivel de idiomas da comunidade universitaria empregando os recursos dispoñibles na Universidade de Vigo e en función do campo de especialización | Iniciada | → |
| 5.2 | Elaborar un novo plan de internacionalización | Pendente | = |
| 5.3 | Fomentar a atracción internacional do estudantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadías internacionais | Iniciada | ↓ ↘ |
| 5.4 | Fomentar a colaboración coas universidades da Eurorrexión | Iniciada | ↑ |
| 5.5 | Promover as dobres titulacións internacionais | Iniciada | → |
| 5.6 | Traducir e adaptar os contidos ao inglés, especialmente nas aplicacións web, tanto as que teñen maior impacto na imaxe externa (portais e páxinas de benvida dos servizos) coma as internas (por exemplo, a secretaría virtual) | Iniciada | = |
| 5.7 | Promover a aprobación no consello de goberno dun novo plan de internacionalización | Pendente | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 05 | Mellorar o nivel de idiomas da comunidade universitaria empregando os recursos dispoñibles na Universidade de Vigo e en función do campo de especialización | 5.1.1 | Número de persoas por perfil que realizan cursos no Centro de Linguas | Ano 2020<br>Matrícula: 1325<br>Número de cursos: 80<br>Exames de acreditación: 12 | Ano 2021<br>Matrícula: 1606<br>Número de cursos: 81<br>Exames de acreditación: 21<br>PAS: 28<br>PDI: 104<br>Estudantes: 616<br>Persoal de intercambio: 68<br>Familiares dos membros da comunidade universitaria: 11<br>Outros externos:<br>633 | → |
| Obxectivo 05 | Elaborar un novo plan de internacionalización | 5.2.1 | Aprobación no consello de goberno dun novo plan de internacionalización | Acción non realizada | Acción non realizada | = |
| Obxectivo 05 | Fomentar a atracción internacional do estudantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadías internacionais | 5.3.1 | Indicadores da mobilidade do estudantado, do PDI e do PAS | Curso 2019/2020<br>Alumnado entrante: 604/Saínte: 668<br>PAS entrante: 5/Saínte: 0<br>PDI entrante: 48/Saínte: 35 | Curso 2020/2021<br>Alumnado entrante: 219/Saínte: 280<br>PAS entrante: 5/Saínte: 2<br>PDI entrante: 30/Saínte: 52 | ↓ |
| Obxectivo 05 | Fomentar a atracción internacional do estudantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadías internacionais | 5.3.2 | Número de persoas en programas internacionais/Número de persoas en estadías de investigación | Ano 2020<br>Un total de 55 persoas fixeron mobilidades a un total de 17 países | Ano 2021<br>Un total de 45 persoas da UVigo fixeron estadías de investigación nun total de 15 países<br>Un total de 72 persoas de fóra fixeron estadías de investigación na UVigo dun total de 22 países | ↘ |
| Obxectivo 05 | Fomentar a colaboración coas universidades da Eurorrexión | 5.4.1 | Número de convenios asinados coa Eurorrexión | Ano 2020<br>Número de convenios asinados: 3 | Ano 2021<br>Número de convenios asinados: 10 | ↑ |
| Obxectivo 05 | Promover as dobres titulación internacionais | 5.5.1 | Número de dobres titulacións coa participación de universidades estranxeiras | Curso 2020/2021<br>2 dobres titulacións | Curso 2021/2022<br>2 titulacións | → |
| Obxectivo 05 | Promover a aprobación no consello de goberno dun novo plan de internacionalización | 5.7.1 | Indicadores recollidos no novo Plan de internacionalización | Acción non realizada | Acción non realizada | = |

## Análise

- O indicador **5.3.1** amosa un claro descenso da mobilidade durante o curso 2020/2021, o cal se asocia, en principio, coa pandemia da covid-19.
- A comisión de seguimento considera que o indicador **5.3.2** se debe ampliar para incluír tamén información da duración media das estadías.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo

Eixe estratéxico

RELACIÓN COA SOCIEDADE

ORGANIZACIÓN E RECURSOS

PERSOAS

Valor/Identidade

FOMENTO DA LINGUA GALEGA

INTERNACIONALIZACIÓN

Axenda 2030

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE

17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 6.1 | Definir campañas de comunicación e estratexias de mercadotecnia para dar a coñecer a universidade no ámbito nacional e internacional. Fomentar a imaxe e o coñecemento da Universidade de Vigo | Iniciada | ↑ |
| 6.2 | Deseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes | Completada | ↑ ↑ → |
| 6.3 | Programa MEET: mentorización do estudantado de ingreso, con especial atención ao de primeiro curso. Definir as bases para o programa de mentorización | Pendente | = |
| 6.4 | Amosar perfís destacados das persoas egresadas para fomentar a súa visibilidade | Iniciada | = |
| 6.5 | Crear contidos de divulgación científica cunha linguaxe próxima e accesible a toda a comunidade universitaria | Iniciada | ↓ |
| 6.6 | Elaborar un plan de comunicación relativo á oferta de I+D+i, de transferencia e de cooperación internacional | Completada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 06 | Definir campañas de comunicación e estratexias de mercadotecnia para dar a coñecer a universidade no ámbito nacional e internacional. Fomentar a imaxe e o coñecemento da Universidade de Vigo | 6.1.1 | Clasificacións de visibilidade | Plan de comunicación | Recollido en 6 accións do obxectivo 4 «Reforzar a estratexia dixital e as TIC». No ano 2021 completáronse 4 accións e 2 están en proceso<br>O posicionamento en Webometrics no ano 2021 foi 2173 global (55 e)<br>En setembro de 2022 o posicionamento foi 1381 global (46 e) | ↑ |
| Obxectivo 06 | Deseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes | 6.2.1 | Plan de internacionalización: cumprimento dos indicadores recollidos no plan | Acción non realizada | Acción non realizada | = |
| Obxectivo 06 | Deseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes | 6.2.2 | Plan de comunicación: cumprimento dos indicadores recollidos no plan | Plan de comunicación | Recollido na acción 3.6 «Deseñar unha campaña anual de comunicación institucional e campañas específicas para determinados eventos relevantes», no obxectivo 3 «Consolidar a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo como centro de educación superior de excelencia do Plan de comunicación». A acción foi completada en 2021 | ↑ |
| Obxectivo 06 | Deseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes | 6.2.3 | Número de campañas institucionais de difusión e de mercadotecnia levadas a cabo por curso académico | N. D. | Recollido na acción 3.6 «Deseñar unha campaña anual de comunicación institucional e campañas específicas para determinados eventos relevantes», no obxectivo 3 «Consolidar a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo como centro de educación superior de excelencia do Plan de comunicación». A acción foi completada en 2021 | ⇧ |
| Obxectivo 06 | Deseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes | 6.2.4 | Perfil de acceso do novo estudantado | N. D. | N. D. | = |

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 06 | Crear contidos de divulgación científica cunha linguaxe próxima e accesible a toda a comunidade universitaria | 6.5.1 | Número de actuacións e de accións de divulgación científica abertas a toda a comunidade universitaria<br>Accións institucionais | Ano 2019<br>Número de actividades: 212<br>Gasto en fondos propios: 50.177,55 €<br>Gasto en fondos alleos públicos: 74.793,38 €<br>Gasto en fondos privados: 5531,85 €<br>Número de participantes: 9231 | Ano 2021<br>Número de actividades: 76<br>Gasto en fondos propios: 16.331,81 €<br>Gasto en fondos alleos públicos: 1.519,64 €<br>Gasto en fondos privados: 589.200 €<br>Número de participantes: 3080 | |
| Obxectivo 06 | Elaborar un plan de comunicación relativo á oferta de I+D+i, de transferencia e de cooperación internacional | 6.6.1 | Indicadores recollidos no novo Plan de comunicación | Plan de comunicación | Recollido na acción 3.3 «Potenciar as actividades de divulgación», no obxectivo 3 «Consolidar a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo como centro de educación superior de excelencia do Plan de comunicación». A acción foi completada en 2021 | |

## Análise

- O Plan de comunicación da UVigo[4] posúe os seus propios indicadores, algúns dos cales se empregarán no seguimento do presente plan (**6.1.1**, **6.2.2** e **6.6.1**). Para máis información, recomendamos a consulta do citado plan de comunicación.
- A comisión de seguimento considera que a formulación do indicador **6.2.4** é ambigua. É necesario definir mellor o concepto «perfil de acceso» para poder facer a valoración axeitada. Existe, por exemplo, información relativa ás notas de acceso dos/das estudantes por grao, pero require dunha análise específica e profunda para poder ser empregada como indicador deste plan.
- Detéctase un descenso importante no número e no investimento en actuacións de divulgación científica (indicador **6.5.1**). A pandemia da covid-19 puido ser parte da causa, pero é preciso facer un seguimento deste indicador.

[4] uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/comunicacion/Plan_de_Comunicacion_2021.pdf

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 7. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 7.1 | Organizar eventos de información e de formación na preparación das solicitudes para os proxectos nacionais e internacionais en áreas cunha baixa taxa de éxito | Iniciada | → |
| 7.2 | Organizar eventos informativos sobre o novo programa Horizonte Europa e sobre outras convocatorias europeas | Iniciada | = |
| 7.3 | Establecer unha canle de información sobre as convocatorias europeas existentes | Completada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 07 | Organizar eventos de información e de formación na preparación das solicitudes para os proxectos nacionais e internacionais en áreas cunha baixa taxa de éxito | 7.1.1 | Taxa de éxito nas convocatorias, total de fondos nacionais e europeos captados | Plan nacional 2020<br>Taxa de éxito: 50,6 %<br>Volume de fondos captados: 4.716.071,8 €<br><br>Proxectos europeos<br>Taxa de éxito: 14,81 % (H2020, inclúe 2020/2021), 29,5 % (outros programas europeos, inclúe 2020/2021)<br>Volume de fondos captados: 4.084.011 € | Plan nacional 2020<br>Éxito de solicitude: 36 %<br>Total de fondos: 4.588.952 €<br><br>Plan nacional 2021<br>Éxito de solicitude: 43 %<br>Total de fondos: 6.034.245 €<br><br>Europeos 2021<br>H2020-HE: 12 %<br>Outros programas europeos:22,95 %<br>Total de fondos: 3.565.594 € | ➔ |
| Obxectivo 07 | Organizar eventos informativos sobre o novo programa Horizonte Europa e sobre outras convocatorias europeas | 7.2.1 | Número de eventos organizados | Non se organizaron | Non se organizaron | = |
| Obxectivo 07 | Establecer unha canle de información sobre as convocatorias europeas existentes | 7.3.1 | Número de boletíns da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) | Ano 2020<br>6 boletíns publicados | Ano 2021<br>Un total de 12 boletíns, dos cales:<br>10 conxuntos educativos e investigación<br>1 investigación (decembro)<br>1 educativo (decembro) | ↑ |

## Análise

- En termos xerais, pode considerase que a taxa de éxito na captación de fondos de investigación en convocatorias nacionais e europeas é estable. O indicador **7.1.1** fai unha avaliación conxunta de todas as convocatorias, o cal fai complexo falar dunha única tendencia.
- Nos anos 2021 e 2022 non se organizaron eventos informativos sobre o programa Horizonte Europa o outras convocatorias europeas (**7.2.1**).[5]
- En 2020 comezou a publicación de boletíns informativos pola OPI. Ao longo de 2021 e 2022 realizouse unha publicación regular, cunha periodicidade mensual. Por isto, a evolución no número de boletíns publicados por parte da OPI é moi positiva (indicador 7.3.1).

[5] Nos anos anteriores (2018 e 2019) organizáronse diferentes xornadas e cursos sobre o Horizonte Europa e outras convocatorias europeas. A demanda a este respecto diminuíu e os investigadores/as teñen novos intereses de formación que se están a cubrir desde a vicerreitoría (p. e., a nova tendencia de avaliación da investigación).

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 8. Impulsar a colaboración público-privada

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 8.1 | Crear as unidades mixtas empresa-universidade (UMI) | Iniciada | = |
| 8.2 | Fomentar as cátedras empresa-universidade | Iniciada | ↗ |
| 8.3 | Impulsar o mecenado | Pendente | ↑ |
| 8.4 | Deseñar algún mecanismo para potenciar o mecenado participativo *(crowdfunding)* | Pendente | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 08 | Crear as unidades mixtas empresa-universidade (UMI) | 8.1.1 | Número de UMI creadas | Non se creou ningunha | Non se creou ningunha | = |
| Obxectivo 08 | Fomentar as cátedras empresa-universidade | 8.2.1 | Número de cátedras | Ano 2020<br>Número de cátedras: 9<br>Ingresos: 289.200 € | Ano 2021<br>Número de cátedras: 13<br>Ingresos: 290.78,96 € | ↗ |
| Obxectivo 08 | Impulsar o mecenado | 8.3.1 | Fondos captados mediante o mecenado | 2020<br>Banco Santander: 413.333 € | Ano 2021<br>31 patrocinios cun importe de 647.068 € | ↑ |
| Obxectivo 08 | Deseñar algún mecanismo para potenciar o mecenado participativo *(crowdfunding)* | 8.4.1 | Fondos captados mediante o mecenado participativo *(crowdfunding)* | Ano 2020<br>Fondos: 0 € | Ano 2021<br>Fondos: 0 € | = |

## Análise

- A UVigo segue sen incorporarse a ningunha unidade mixta de investigación (indicador **8.1.1**).
- Existe boa tendencia nas cátedras, con maior número e fondos captados (indicador **8.2.1**) e tamén aumentan os fondos captados mediante mecenado (**8.3.1**).
- A captación de fondos por *crowdfunding* segue a cero (indicador **8.4.1**).

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 9.1 | Establecer colaboración de transferencia de coñecemento con entidades da contorna socioeconómica interesadas en implantar solucións ás súas necesidades de innovación de coñecemento ou desenvolvemento | Iniciada | ↗ |
| 9.2 | Fortalecer os mecanismos de emprendemento e de autoemprego apoiando a creación de iniciativas da comunidade universitaria | Iniciada | ↑ ↓ |
| 9.3 | Organizar eventos con axentes económicos e sociais da contorna | Iniciada | ↑ |
| 9.4 | Potenciar os acordos, os convenios e os programas de cooperación con empresas e con institucións galegas | Iniciada | ↑ |
| 9.5 | Potenciar o rural como motor de desenvolvemento social | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 09 | Establecer colaboración de transferencia de coñecemento con entidades da contorna socioeconómica interesadas en implantar solucións ás súas necesidades de innovación de coñecemento ou desenvolvemento | 9.1.1 | Número de colaboracións anuais de transferencia de coñecemento con entidades da contorna. Valorar a inclusión de número de contratos, artigo 83, e o importe destes | Ano 2020<br>Número de actividades I+D: 549<br>Importe: 5.104.978,53 € | Ano 2021<br>Número de actividades de I+d: 709<br>Importe: 6.579.004,88 € | |
| Obxectivo 09 | Fortalecer os mecanismos de emprendemento e de autoemprego apoiando a creación de iniciativas da comunidade universitaria | 9.2.1 | Porcentaxe de iniciativas de autoemprego xeradas en cooperación coa Universidade de Vigo e activas tres anos despois da súa posta en marcha | Indicador non implantado | Ano 2021<br>Incuvi Emprende<br>12 proxectos/17 beneficiarios<br>Número de iniciativas consolidadas: 3 + 1 IEBT en proceso<br>de SPIN-OFF<br><br>Incuvi Avanza<br>4 proxectos/7 beneficiarios<br>Número de iniciativas consolidadas: 3<br><br>Incuvi Consolida<br>1 proxecto/2 beneficiarios<br>Número de iniciativas consolidadas: 1 | |
| Obxectivo 09 | Fortalecer os mecanismos de emprendemento e de autoemprego apoiando a creación de iniciativas da comunidade universitaria | 9.2.2 | Número de empresas derivadas *(spin-off)* xeradas | Ano 2020<br>Titorizadas: 7<br>Creadas: 2 | Ano 2021<br>Titorizadas 2<br>Creadas 0 | |
| Obxectivo 09 | Organizar eventos con axentes económicos e sociais da contorna | 9.3.1 | Número de eventos organizados | Organización: 3 eventos<br>Participación: 4 eventos (MINDTECH, BIOSPAIN, RIES21, Galicia Innov Days)<br>Participación en xurados: 3 (Premios Emprendedor, Incuvi, Sherpa Jpourneys) | Organización: 1 evento<br>I Jornada de transferencia Acubam-<br>UVigo<br>Participación: 9 eventos<br>Foro Transfiere Málaga 2022<br>Xornada de transferencia acuBam-Universidade de Vigo<br>Navalia-International Shipbuilding Exhibition<br>Galicia BioDays<br>Patents for Innovation International Summit and Expo (P4I 2022)<br>SEDEXPO-Feria Internacional de Seguridad, Defensa y Emergencias<br>Mentorización e titorización no marco do proxecto POCTEP Sherpa do Mar<br>Programa de dinamización de resultados en ciencias sociais e humanidades<br>Presentación das capacidades da UVigo na incubadora High Tech Auto | |
| Obxectivo 09 | Potenciar os acordos, os convenios e os programas de cooperación con empresas e con institucións galegas | 9.4.1 | Número de acordos, de convenios e de programas de cooperación | 2020<br>Cátedras números: 9<br>Cátedras ingresos: 289.200 € | Ano 2020<br>719<br><br>Ano 2021<br>1068 | |

## Análise

- O indicador **9.1.1** amosa un aumento considerable no número e no importe das colaboracións de transferencia de coñecemento.
- A comisión de seguimento considera relevante o descenso no número de *spin-off* xeradas (indicador **9.2.2**). Solicitarase información ao respecto para poder analizar as causas subxacentes.
- O resto dos indicadores amosan unha boa ou moi boa evolución.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 10.1 | Establecer os procedementos e homoxeneizar os diferentes procesos de xestión administrativa aplicados en cada centro ou servizo para un mesmo trámite e impulsar unha ventá única común | Iniciada | ↑ |
| 10.2 | Estudar as fórmulas e os procedementos para establecer grupos de traballo comúns entre o persoal dos servizos, que potencien a coordinación e a colaboración entre as persoas co fin de facilitar a xestión universitaria | Pendente | = |
| 10.3 | Establecer unha política de actualización e de adecuación das aplicacións informáticas que inciden na xestión ordinaria | Pendente | = |
| 10.4 | Elaborar unha carta de servizos orientada a dar a coñecer os que se ofrecen desde as diferentes unidades xestoras | Pendente | = |
| 10.5 | Definir e implantar ferramentas de avaliación dos servizos universitarios | Pendente | = |
| 10.6 | Implantar un sistema de xestión que facilite a identificación, a coordinación e a implantación das necesidades tecnolóxicas da institución | Pendente | = |
| 10.7 | Mellorar a accesibilidade dos servizos TIC camiñando cara á accesibilidade universal | Iniciada | = |
| 10.8 | Garantir o cumprimento do Plan de transformación dixital das administracións públicas | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 10 | Establecer os procedementos e homoxeneizar os diferentes procesos de xestión administrativa aplicados en cada centro ou servizo para un mesmo trámite e impulsar unha ventá única común | 10.1.1 | Número de procedementos operativos na sede electrónica | Ano 2020<br>Número de procedementos abertos: 30 | Ano 2021<br>Procedementos operativos na sede electrónica: 64 | ↑ |

## Análise

- En termos xerais, as accións do obxectivo 10 están aínda pendentes de execución.
- Na actualidade, están iniciadas as actuacións relacionadas coa transformación dixital e están pendentes as relacionadas coa comunicación e coa definición de funcións, que se tratarán máis adiante.
- O indicador **10.1.1** amosa que o ritmo de incorporación de procedementos á sede electrónica da UVigo é moi positivo.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 11.1 | Optimizar a xestión e o uso dos espazos docentes de investigación | Iniciada | ↗ |
| 11.2 | Conservar, xestionar e renovar as infraestruturas dos tres campus atendendo a criterios de mantemento, de accesibilidade, de sostibilidade, de seguridade e de prevención de riscos | Iniciada | ↘ |
| 11.3 | Mellorar o acceso e a seguridade informática da información, os datos e as publicacións da Universidade de Vigo | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 11 | Optimizar a xestión e o uso dos espazos docentes de investigación | 11.1.1 | Queixas, suxestións e parabéns (QSP) relacionados coas infraestruturas (espazos, barreiras arquitectónicas, accesibilidade, mantemento de edificios…) | Ano 2020<br>116 QSP<br>(15,96 %) | Ano 2021<br>84 QSP<br>17,68 % | ↗ |
| Obxectivo 11 | Conservar, xestionar e renovar as infraestruturas dos tres campus atendendo a criterios de mantemento, de accesibilidade, de sostibilidade, de seguridade e de prevención de riscos | 11.2.1 | Índice da satisfacción do PAS, do PDI e do estudantado coas infraestruturas | Curso 2020/2021 (media)<br>PAS: 3,96<br>PDI: 4,26<br>Alumnado: 3,52 | Ano 2021<br>PAS: 3,02<br>Curso 2020/2021<br>PDI: 4,29<br>Alumnado: 3,5 | ↘ |

## Análise

- O indicador 11.1.1 refírese ás QSP (queixas, suxestións e parabéns) e, polo tanto, a súa comparación numérica é ambigua. Na páxina relativa ao sistema QSP[6] atópanse informes detallados de cada ano. A comparación por cada categoría é, na categoría «Instalacións»: **q**ueixas (55 en 2021 e 89 en 2020), **s**uxestións (28 en 2021 e 25 en 2020) e **p**arabéns (1 en 2021 e 2 en 2020).
- Detéctase unha deterioración na opinión do PAS sobre as infraestruturas. É posible que a pandemia da covid-19 elevase o nivel de esixencia sobre as infraestruturas informáticas e de teletraballo e teledocencia, e sexa necesario fortalecelas.

[6] uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 12. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus

Eixe estratéxico | Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 12.1 | Desprazar centros e servizos ao centro da cidade de Vigo | Iniciada | ➔ |
| 12.2 | Mellorar as condicións do transporte público aos campus | Pendente | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 12 | Desprazar centros e servizos ao centro da cidade de Vigo | 12.1.2 | Número de titulacións presentes na cidade | Curso 2020/2021<br>Sede cidade da EEI: 4 graos<br>Escola Universitaria de Estudos Empresariais: 1 grao e 4 mestrados | Curso 2021/2022<br>Sede cidade da EEI: 4 graos<br>Comercio: 1 grao, 2 mestrados e 2 convenios de dobre titulación internacional | ➔ |

## Análise

- Non existe un avance considerable neste obxectivo. O número de titulacións no centro de Vigo mantívose constante durante o período avaliado.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 13.1 | Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno, de comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria | Completada | ↑ |
| 13.2 | Establecer mecanismos de xestión para asegurar prácticas sostibles e socialmente responsables nos provedores da Universidade de Vigo | Iniciada | = |
| 13.3 | Elaborar un plan interno de contratación de provedores externos coa inclusión de cláusulas e de criterios baseados na responsabilidade social e na sostibilidade | Pendente | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 13 | Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno, de comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria | 13.1.2 | Posición nas clasificacións ou nos estándares de transparencia | Ano 2020<br>Fundación Compromiso y Transparencia (HAZ): posición 3, cumprindo 50 de 54 indicadores<br>DYNTRA: posición 2, cumprindo 125 de 137 indicadores | Ano 2021<br>Fundación Haz (antes Compromiso e Transparencia). Non publicou un informe, pero cumpríronse o 100 % dos indicadores<br>DYNTRA: posición 2, cumprindo 126 de 137 indicadores (91,97 %) | ↑ |

## Análise

- O indicador **13.1.2** amosa unha clara melloría no indicador de transparencia e chega en 2021 ao cumprimento do 100 % de indicadores da Fundación Haz. A UVigo mantivo a posición segunda no DYNTRA e aumentou en 1 o número de indicadores cumpridos nesta clasificación.
- En materia de comportamento ético, na UVigo deseñouse e implantouse unha nova estrutura de xestión da ética na investigación. Ademais, estase a desenvolver unha normativa para adaptar a nova Lei de convivencia universitaria aprobada recentemente.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 14. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade

| Eixe estratéxico | Valor/Identidade |
|---|---|

ORGANIZACIÓN E RECURSOS

Axenda 2030

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS

| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 14.1 | Mellorar a toma de decisións baseada en criterios de eficiencia do gasto | Iniciada | ↗ |
| 14.2 | Desenvolver a contabilidade analítica | Iniciada | ↗ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 14 | Mellorar a toma de decisións baseada en criterios de eficiencia do gasto | 14.1.1 | Razóns *(ratios)* de eficiencia do gasto | Ano 2020<br>Gastos de subministracións<br>Auga: 223.914,88 €<br>Combustibles: 260.882,4 €<br>Enerxía eléctrica: 1.835.322,54 €<br>Gas natural: 401.491,46 €<br>Pellets: 8.852,36 €<br>Teléfono: 100.171,38 €<br><br>Total: 2.830.635,05 €<br><br>Eficiencia no gasto e ingreso:<br>(sen información) | Ano 2021<br>Gastos de subministracións<br>Auga: 210.931,21 €<br>Combustibles: 246.775,42 €<br>Enerxía eléctrica: 1.540.848,57 €<br>Gas natural: 568.331,70 €<br>Pellets: 5.721,43 €<br>Teléfono: 96.711,01 €<br><br>Total: 2.669.319,34 €<br><br>Eficiencia no gasto e ingreso:<br>2021 ingresos: 97,82 %<br>2021 gastos: 94,85 %<br>([7]) | ↗ |
| Obxectivo 14 | Desenvolver a contabilidade analítica | 14.2.1 | Indicadores de xestión financeira:<br>Porcentaxe de recursos públicos captados/obtidos<br>Porcentaxe de recursos privados captados/obtidos<br>Porcentaxe de recursos da Universidade de Vigo «liberados» por unha xestión sostible que reverten en beneficio da institución (economía circular) | Ano 2020<br>a) Recursos privados<br>Capítulo 3: 18.822.335,38 €<br>Capítulo 4: 132.480.553,23 €<br>Capítulo 5: 147.230,30 €<br>Capítulo 6: 0 €<br>Capítulo 8: 15.267,90 €<br>Total: 167.405.507,90 €<br><br>b) Tesourería<br>Remanente de tesourería dispoñible 2019: 27.609.441,99 €<br>Remanente de tesourería total 2019: 58.731.823,24 €<br>Remanente de tesourería dispoñible 2020: 19.740.060,43 €<br>Remanente de tesourería total 2020: 54.298.412,49 € | Ano 2021<br>a) Recursos privados<br>Capítulo 3: 16.305.672,91 €<br>Capítulo 4: 129.936.049,28 €<br>Capítulo 5: 143.334,38 €<br>Capítulo 6: 0 €<br>Capítulo 8: 42.636,83 €<br>Total: 146.427.693,40 €<br><br>b) Tesourería<br>Remanente de tesourería dispoñible 2020: 19.740.060,43 €<br>Remanente de tesourería total 2020: 54.298.412,49 €<br>Remanente de tesourería dispoñible 2021: 15.879.189,32 €<br>Remanente de tesourería total 2021: 59.777.945,26 € | ↗ |

## Análise

- Os datos amosados polos indicadores **14.1.1** e **14.2.1** son positivos.

[7]Estes indicadores están baseados nas previsións iniciais.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 15. Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros

| Eixe estratéxico | Valor/Identidade |
|---|---|
|  |  |



### Axenda 2030





| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 15.1 | Prever os riscos nos laboratorios e establecer un plan de revisión no mantemento dos laboratorios de investigación | Iniciada | ↑ |
| 15.2 | Mellorar a formación no ámbito da investigación do persoal de apoio | Pendente | = |
| 15.3 | Recoñecer normativamente o persoal de apoio á investigación, incluíndo unha nova figura de xestor/a de proxectos, fundamental no apoio aos centros e aos grupos de investigación | Iniciada | ↑ |
| 15.4 | Definir as necesidades dos diferentes servizos universitarios vinculados á investigación, á transferencia e á cooperación internacional (OPI, Servizo de Apoio á Investigación, OTRI e ORI) | Iniciada | → |
| 15.5 | Solicitar avaliacións externas internacionais que permitan realizar un diagnóstico obxectivo dos centros e dos grupos | Iniciada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 15 | Prever os riscos nos laboratorios e establecer un plan de revisión no mantemento dos laboratorios de investigación | 15.1.1 | Número de laboratorios revisados e número de accións de mantemento | Acción non realizada | Curso 2020/2021<br>Laboratorios revisados: 21<br>Accións correctoras: 118 | ⇧ |
| Obxectivo 15 | Recoñecer normativamente o persoal de apoio á investigación, incluíndo unha nova figura de xestor/a de proxectos, fundamental no apoio aos centros e aos grupos de investigación | 15.3.2 | Número de xestores/as de proxectos contratados | N. D. | Número de xestores contratados: 34<br>ECOBAS: 2<br>Campus Crea: 2<br>Campus Tecnolóxico: 1<br>Campus Auga: 2<br>Cintecx: 2<br>Centros CIGUS: 6<br>OPI: 10<br>UCC: 2<br>Outros servizos: 7 | ⇧ |
| Obxectivo 15 | Definir as necesidades dos diferentes servizos universitarios vinculados á investigación, á transferencia e á cooperación internacional (OPI, Servizo de Apoio á Investigación, OTRI e ORI) | 15.4.1 | Número de manuais de funcións publicados ou carta de servizos | Carta de servizos da Oficina de I+D | Carta de servizos da Oficina de I+D | ⇨ |
| Obxectivo 15 | Solicitar avaliacións externas internacionais que permitan realizar un diagnóstico obxectivo dos centros e dos grupos | 15.5.6 | Porcentaxe de avaliacións externas positivas | N. D. | Avaliacións favorables dos tres centros de investigación do CIGUS<br>Avaliación polo EAB do Centro de Investigación Mariña | ⇧ |

## Análise

- É preciso destacar o esforzo feito polos servizos e pola Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación na sistematización ou na obtención de datos para os indicadores do obxectivo 15.
- Con respecto ao indicador **15.3.2**, é importante sinalar que a figura de xestores/as de investigación se recoñece na recentemente aprobada Lei da ciencia.
- Os centros CIGUS son obxecto de avaliacións periódicas por parte da Xunta de Galicia. Ademais, todos os centros de investigación da Universidade de Vigo contan cun comité de avaliación externa internacional que visita e que informa anualmente (indicador **15.5.6**).

**Non iniciado 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 16. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 16.1 | Deseñar sistemas de harmonización e procedementos de traballo interconectados | Pendente | = |
| 16.2 | Reforzar a coordinación entre os centros e as agrupacións de I+D e os servizos de xestión | Iniciada | = |

## Análise

- O obxectivo 16 iniciouse no ano 2022 e, polo tanto, non se pode comparar aínda co 2021. A súa evolución deberá analizarse en posteriores seguimentos.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 17. Deseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións

Eixe estratéxico | Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 17.1 | Identificar as necesidades de información en investigación, en transferencia e en cooperación internacional | Iniciada | = |
| 17.2 | Elaborar bases de datos e informes compilando información | Iniciada | ↑ |
| 17.3 | Definir o panel de indicadores de investigación, de transferencia e de cooperación internacional | Iniciada | ↑ |
| 17.4 | Transmitir información relativa á transparencia e a como facemos a xestión | Completada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 17 | Identificar as necesidades de información en investigación, en transferencia e en cooperación internacional | 17.1.1 | Número de necesidades rexistradas | Acción non realizada | Acción non realizada | = |
| Obxectivo 17 | Elaborar bases de datos e informes compilando información | 17.2.1 | Volume da base de datos para elaborar informes | Acción non realizada | Posta a punto do portal científico Dialnet | ↑ |
| Obxectivo 17 | Definir o panel de indicadores de investigación, de transferencia e de cooperación internacional | 17.3.1 | Número de indicadores recollidos no panel | Acción non realizada | Posta a punto do portal científico Dialnet | ↑ |
| Obxectivo 17 | Transmitir información relativa á transparencia e a como facemos a xestión | 17.4.1 | Publicación de indicadores e resultados de investigación en transferencia | Portal de transparencia | Curso 2021<br>709 actividades: 95 contratos, 12 cursos e 602 informes<br>Importe 6.579.004,88 € (contratos 4.971.546,7 €; cursos 84.861,62 € e informes 1.522.596,56 € | ↑ |

## Análise

- A posta en funcionamento do portal Dialnet permitirá completar moitas das accións do obxectivo 17. Segundo lle consta á comisión de seguimento, Dialnet está xa nas fases finais de proba previa ao seu lanzamento.
- Dialnet será unha gran fonte de información non só para os indicadores deste obxectivo, senón para outros moitos.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 18. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza

Eixe estratéxico | Valor/Identidade







Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 18,1 | Implantar a estratexia europea de recursos humanos en investigación (HRS4R) | Completada | ↑ |
| 18,2 | Construír un EURAXESS Service Centre (ESC) con cobertura local/rexional | Iniciada | → |
| 18,3 | Ampliar as colaboracións con institucións públicas e privadas da Universidade de Vigo no marco da rede EURAXESS | Iniciada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 18 | Implantar a estratexia europea de recursos humanos en investigación (HRS4R) | 18.1.1 | Renovación do HR (avaliación da CE positiva) | En 2022, a UVigo deberá pasar á segunda fase de avaliación do selo HRS4R (6 anos) que, neste caso, require a visita dunha comisión á universidade e a elaboración dun informe | Informe enviado o 16/10/2022 Pendente da Site visit | ↑ |
| Obxectivo 18 | Construír un EURAXESS Service Centre (ESC) con cobertura local/rexional | 18.2.1 | Acreditación do ESC (Comisión Europea) | Acción non realizada | Acción non realizada | = |
| Obxectivo 18 | Ampliar as colaboracións con institucións públicas e privadas da Universidade de Vigo no marco da rede EURAXESS | 18.3.1 | Número de proxectos de colaboración asociados a HR-EURAXESS | Acción non realizada | 1 proxecto en preparación: universidades europeas, proxecto ATHENA https://athenauni.eu | ↑ |

## Análise

- A renovación do selo HR (indicador **18.1.1**) está en marcha; o informe xa foi enviado e só queda pendente a visita que se fará en vindeiras datas.
- A incorporación da UVigo á universidade europea ATHENA non só permite a avaliación do indicador **18.3.1**, senón que permitirá a mellora da UVigo en moitos outros obxectivos estratéxicos deste plan.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 19. Ciencia aberta

**Eixe estratéxico** | **Valor/Identidade**







**Axenda 2030**




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 19.1 | Deseñar mecanismos para integrar no sistema de ciencia aberta | Iniciada | ↗ |
| 19.2 | Incorporarse a iniciativas nacionais e internacionais de fomento da ciencia aberta | Iniciada | ↑ |
| 19.3 | Promover o depósito de produción científica da Universidade de Vigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo | Iniciada | ↑ → |
| 19.4 | Actualizar e promover o sistema dual de publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo | Iniciada | ↗ |
| 19.5 | Actualizar e promocionar o portal OJS das revistas editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo | Iniciada | ⇧ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 19 | Deseñar mecanismos para integrar no sistema de ciencia aberta | 19.1.1 | Porcentaxe de publicación en acceso aberto | Datos 2011-2020: o 33,69 % están dispoñibles en acceso aberto | Media do curso 2020/2021: 37,70<br>Accesos en aberto en 2020: 50,62<br>Acceso en aberto en 2021: 63,58 | |
| Obxectivo 19 | Incorporarse a iniciativas nacionais e internacionais de fomento da ciencia aberta | 19.2.1 | Número de iniciativas ás que a Universidade de Vigo se incorpore | A UVigo é socia dende o ano 2019 da European Open Science Cloud (EOSC)<br>Celebración da Semana da Ciencia Aberta Europea, que se organiza na última semana de outubro (edición 2020, 2021) | 3 iniciativas<br>A UVigo é socia da European Open Science Cloud (EOSC)<br>Participación na realización da semana de acceso aberto auspiciada pola Rede de Bibliotecas (REBIUN) da CRUE<br>Representantes da UVigo e dos seus centros CIGUS na comisión de traballo de xestión de datos de investigación (CGDI-FEUGA)<br>A UVigo asinou o acordo para reformar a avaliación da investigación elaborado por COARA | |
| Obxectivo 19 | Promover o depósito de produción científica da Universidade de Vigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo | 19.3.1 | Número de documentos depositados no repositorio institucional Investigo | Teses: 1299<br>Artigos: 1200<br>Comunicacións a congresos: 89<br>Capítulos de libros: 55<br>Libros: 23<br>Informes: 4<br>Total: 2670 | Ano 2022 (data de consulta)<br>Teses: 1412<br>Artigos: 2133<br>Comunicacións a congresos: 12<br>Capítulos de libros: 72<br>Libros: 42<br>Informes: 4<br>Total: 3783 | |
| Obxectivo 19 | Promover o depósito de produción científica da Universidade de Vigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo | 19.3.2 | Número de actividades de promoción de Investigo doutras activades de acceso aberto | Celebración da Semana da Ciencia Aberta Europea, que se organiza na última semana de outubro (edición 2020, 2021).<br>Estase a traballar na conexión SUXI-Investigo para facilitar o depósito de publicacións no repositorio institucional | Curso Información científica, acceso, xestión, avaliación e publicación<br>Celebración da Semana da Ciencia Aberta Europea, que se organiza na última semana de outubro (edición 2022) | |
| Obxectivo 19 | Actualizar e promover o sistema dual de publicacións editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo | 19.4.1 | Número de accesos e de descargas de publicacións duais editadas polo Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo | 2019: 5547 accesos<br>2021:6093 accesos<br>2020: 7560 accesos | Ano 2022<br>8594 accesos. Non hai datos de descargas porque o SAUM non recolle ese dato. Estamos traballando no seu arranxo | |
| Obxectivo 19 | Actualizar e promocionar o portal OJS das revistas editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo | 19.5.1 | Número de accesos e de descargas de revistas científicas publicadas no OJS da UVigo | N. D. | Ano 2021<br>56199 descargas<br>49463 accesos<br><br>Ano 2022<br>55148 descargas<br>7591 accesos | |

## Análise

- En termos xerais, obsérvase unha boa tendencia dos indicadores do obxectivo 19, apoiado en gran medida na forte implicación do persoal do Servizo de Biblioteca.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade

Eixe estratéxico | Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 20.1 | Establecer un plan de estimulación da actividade investigadora de calidade para investigadoras e investigadores mozos | Pendente | = |
| 20.2 | Reforzar as accións de coñecemento e de formación no uso dos recursos dixitais, as convocatorias competitivas, as fontes de financiamento, particularmente nos ámbitos xurídico-social e humanidades | Iniciada | ↑ |
| 20.3 | Implantar a formación en competencias en información e en comunicación científica nas diferentes etapas da carreira investigadora | Iniciada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 20 | Reforzar as accións de coñecemento e de formación no uso dos recursos dixitais, as convocatorias competitivas, as fontes de financiamento, particularmente nos ámbitos xurídico-social e humanidades | 20.2.1 | Evolución do número de iniciativas de formación e do número de asistentes ás iniciativas | Acción non realizada | 9 iniciativas<br>Dende o ViCINV<br>«El papel de las inversiones de capital privado en la transferencia de tecnología» (asistentes: 21)<br>«Las pruebas de concepto como ejemplo de transferencia» (asistentes: 23)<br><br>Dende a EAFP<br>Formulación de proxectos de investigación para o desenvolvemento e a cooperación exterior financiados pola Xunta de Galicia (decembro de 2021, A: 10)<br>Introdución á edición de textos científicos con LaTeX (febreiro de 22, A: 5)<br>Introdución á linguaxe con Python para a docencia universitaria (abril de 2022, A: 30)<br>Office 365 básico. Outro xeito de traballar (abril de 2022, A: 20)<br>Microsoft Excel para a docencia (maio de 2022, A: 30)<br>Programación Java (outubro de 2022, A: 30)<br>Fundamentos de deseño técnico con SolidWorks (xullo de 2022, A: 30)<br>Deseño, programación e administración de bases de datos (xullo de 2022, A: 30) | ⇧ |
| Obxectivo 20 | Implantar a formación en competencias en información e en comunicación científica nas diferentes etapas da carreira investigadora | 20.3.1 | Número de accións formativas | N.D. | 3 iniciativas<br>Dende a EAFP<br>Deseño e creación de podcast educativos (xuño de 2022, A: 30)<br>Oratoria e comunicación para docentes: comunicación (abril de 2022, A:20)<br>Oratoria e comunicación para docentes: mensaxe (marzo de 2022, A: 20) | ⇧ |

## Análise

- Os indicadores do obxectivo 20 obtivéronse por primeira vez neste seguimento e, polo tanto, non se poden comparar cos do ano anterior.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 21.1 | Elaborar material promocional da actividade investigadora no ámbito internacional | Pendente | = |
| 21.2 | Regular a identificación do persoal investigador da UVigo a través do ORCID e doutros identificadores de ámbito científico | Iniciada | ↑ |
| 21.3 | Xestionar a identidade institucional da Universidade de Vigo nas bases de datos de información científica | Iniciada | ↑ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 21 | Elaborar material promocional da actividade investigadora no ámbito internacional | 21.1 | Material promocional | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 21 | Regular a identificación do persoal investigador da UVigo a través do ORCID e doutros identificadores de ámbito científico | 21.2.1 | Porcentaxe de investigadores e investigadoras da UVigo presentes no ORCID | Non dispoñible | 44 %<br>Datos tomados do SUXI (16/11/2022)<br>Número de investigadores/as en activo: 2353<br>Número de investigadores/as con ORCID: 1044 | ⇧ |
| Obxectivo 21 | Xestionar a identidade institucional da Universidade de Vigo nas bases de datos de información científica | 21.3.1 | Número de plataformas en que a UVigo está presente | Non dispoñible | 16<br><br>Wos, Scopus, Dialnet, catálogo da biblioteca<br><br>Perfís da Universidade de Vigo nos distintos sistemas de identificación institucional:<br>GRID, ROR, Wikidata, ISNI, ARWU, EU Research Participant ID, THE World University Rankings, Multirank, OCLC Worldcat identities, BNE, Crossref Funder Registry Identifiers, VIAF | ⇧ |

## Análise

- Os indicadores do obxectivo 21 obtivéronse por primeira vez neste seguimento e, polo tanto, non se poden comparar cos do ano anterior.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 22. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para elaborar propostas multidisciplinarias competitivas no ámbito nacional e internacional

Eixe estratéxico

Valor/Identidade







Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 22.1 | Difundir dentro da propia institución as liñas de investigación dos grupos da Universidade de Vigo | Iniciada | = |
| 22.2 | Poñer en coñecemento da comunidade universitaria as plataformas de información existentes: BIDI, Investigo etc. | Iniciada | ↑ |
| 22.3 | Sensibilizar e dinamizar a colaboración entre grupos multidisciplinarios | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 22 | Poñer en coñecemento da comunidade universitaria as plataformas de información existentes: BIDI, Investigo etc. | 22.2.1 | Número de accións realizadas | Non dispoñible | 21 accións<br><br>Curso Información científica, acceso, xestión, avaliación e publicación (impartido 16 veces)<br>Elaboración e mantemento de guías temáticas: repositorio institucional, acceso aberto<br><br>Accións de difusión<br>Elaboración de dous vídeos UVigo-TV para a Serie OPI Basics (o repositorio Investigo na Universidade de Vigo, Como publicar en aberto? Tratamento APC)<br>http://sp.bugalicia.org/vig/subjects/guide.php?subject=repositorioinvestigo<br>https://tv.uvigo.es/video/620d3729a33c061f9237d922<br><br>Organización da Semana Internacional do Acceso Aberto 2022 | ⇧ |

## Análise

- Os indicadores do obxectivo 22 obtivéronse por primeira vez neste seguimento e, polo tanto, non se poden comparar cos do ano anterior.

**Non iniciado 2021**

**Non iniciado 2022**

## Obxectivo 23. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 23.1 | Identificar os indicadores de transferencia por ámbito e por área | Pendente | = |
| 23.2 | Plan de acción de incentivos e de información ao persoal investigador sobre a protección da propiedade intelectual | Pendente | ↘ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 23 | Identificar os indicadores de transferencia por ámbito e por área | 23.1.1 | Panel de indicadores de transferencia | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 23 | Plan de acción de incentivos e de información ao persoal investigador sobre a protección da propiedade intelectual | 23.2.1 | Número de patentes e outros rexistros da propiedade intelectual | Ano 2020<br>Patentes nacionais solicitadas: 6<br>Patentes internacionais solicitadas: 13<br>Patentes nacionais concedidas: 5<br>Patentes internacionais concedidas: 8 | Ano 2021<br>Nacionais: 7 solicitadas, 3 concedidas<br>Internacionais: 11 solicitadas, 10 concedidas | ↘ |

## Análise

- As dúas accións do obxectivo 23 están pendentes de iniciarse.
- O indicador **23.2.1** amosa un descenso no número de patentes que, se cadra, fai aínda máis urxente o comezo destas accións.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 24.1 | Deseñar plans para favorecer o cambio xeracional do PDI e do PAS dentro do marco lexislativo vixente | Iniciada | ↑ ↑ ↘ |
| 24.2 | Implantar itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional | Pendente | ↗ |
| 24.3 | Estudar e activar medidas que favorezan a conciliación entre a vida laboral, familiar e formativa | Iniciada | = |
| 24.4 | Actualizar novos perfís profesionais que demanda a universidade e as probas de acceso asociadas a estes | Pendente | = |
| 24.5 | Coidar a xuventude mellorando as vías de acceso do PDI (AXD, CD…) | Iniciada | = |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 24 | Deseñar plans para favorecer o cambio xeracional do PDI e do PAS dentro do marco lexislativo vixente | 24.1.1 | Plan de renovación do PDI | Non dispoñible | Medidas adoptadas<br>Non considerar no cálculo de contratación de profesorado consolidable as horas do PDI maior de 67 anos | ⇧ |
| Obxectivo 24 | Deseñar plans para favorecer o cambio xeracional do PDI e do PAS dentro do marco lexislativo vixente | 24.1.2 | Inclusión na relación de postos de traballo (RPT) | Non dispoñible | Convocatoria de prazas de axudante/a doutor antes da xubilación efectiva do persoal nos departamentos | ⇧ |
| Obxectivo 24 | Deseñar plans para favorecer o cambio xeracional do PDI e do PAS dentro do marco lexislativo vixente | 24.1.3 | Evolución da media de idade do PDI da universidade | 2020 PDI<br>Homes: 52,53<br>Mulleres: 49,62<br>Total: 51,30<br><br>2020 PAS<br>Homes: 51,17<br>Mulleres: 51,42<br>Media: 51,33 | 2021 PDI<br>Homes: 53,08<br>Mulleres: 50,33<br>Total: 51,91<br><br>2021 PAS<br>Homes: 52,37<br>Mulleres: 52,61<br>Total: 52,52 | ↘ |
| Obxectivo 24 | Implantar itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional | 24.2.1 | Número de plans de formación | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 24 | Implantar itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional | 24.2.2 | Nivel de desenvolvemento dun novo plan de formación baseado nun diagnóstico de necesidades previo | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 24 | Implantar itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional | 24.2.3 | Índice de satisfacción coas accións de formación desenvolvidas cada curso académico | PAS: 3,805<br>PDI: 4,324 | Ano 2021<br>PAS 4,3<br>PDI 4,4 | ↗ |

## Análise

- Para a comisión de seguimento resulta especialmente alarmante que no transcurso dun ano natural (2021/2022) a idade media do PDI se incrementase en 0,6 anos (51,3 a 51,9) e a do PAS en 1,2 anos (51,3 a 52,5).
- Hai moitos indicadores que se obtiveron por primeira vez neste seguimento.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 25. Captar PDI e PAS con talento

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 25.1 | Reforzar os programas de captación de PDI de alto nivel | Iniciada | → |
| 25.2 | Difusión de convocatorias de contratación en plataformas nacionais e internacionais (por exemplo: EURAXESS, HRS4R) | Iniciada | ↘ |
| 25.3 | Establecer procesos abertos, transparentes e baseados en méritos (OTMR) na contratación do persoal investigador con cargo a proxectos (HRS4R) | Iniciada | ↑ |
| 25.4 | Incentivar a asistencia e a organización de congresos para fomentar as relacións internacionais | Iniciada | ↑ |
| 25.5 | Deseñar un plan de captación e de retención do talento que inclúa beneficios innovadores, acordes co ofrecido noutras administracións públicas e en empresas | Pendente | = |
| 25.6 | Reformular e/ou reducir drasticamente a duración dos procesos selectivos e de creación de listaxes de agarda | Pendente | = |
| 25.7 | Deseñar un plan para a dotación de persoal que responda ás necesidades organizativas presentes e futuras da universidade a medio e a longo prazo | Pendente | = |
| 25.8 | Deseñar unha política integral que permita unha carreira profesional real, a súa formación ao longo da vida profesional e unhas adecuadas condicións de traballo | Pendente | → |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 25 | Reforzar os programas de captación de PDI de alto nivel | 25.1.2 | Número de PDI de alto nivel incorporado | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 25 | Difusión de convocatorias de contratación en plataformas nacionais e internacionais (por exemplo: EURAXESS, HRS4R) | 25.2.1 | Porcentaxe de convocatorias publicadas (EURAXESS) sobre o total | Ofertas en EURAXES 2021: 51 2020: 78 | Ofertas en EURAXESS 2022: 47 (xaneiro-agosto) 2021: 59 total |  |
| Obxectivo 25 | Establecer procesos abertos, transparentes e baseados en méritos (OTMR) na contratación do persoal investigador con cargo a proxectos (HRS4R) | 25.3.1 | Porcentaxe de contratos xestionados por procesos OTMR | Non dispoñible | 184 contratos convocados dende xuño de 2022, ao abeiro da nova normativa de contratación de investigadores con cargo a proxectos |  |
| Obxectivo 25 | Incentivar a asistencia e a organización de congresos para fomentar as relacións internacionais | 25.4.1 | Número de axudas concedidas para a organización e a asistencia | Ano 2020 Axudas UVigo Organización de congresos: 2 humanidades; 4 xurídico-social; 0 tecnolóxico; 6 científico 12 en total | Ano 2021 Organización de congresos: 5 humanidades; 5 xurídico-social; 0 tecnolóxico; 4 científico 14 en total |  |
| Obxectivo 25 | Deseñar un plan de captación e de retención do talento que inclúa beneficios innovadores, acordes co ofrecido noutras administracións públicas e en empresas | 25.5.1 | Indicadores recollidos no Plan de captación e retención do talento | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 25 | Deseñar un plan para a dotación de persoal que responda ás necesidades organizativas presentes e futuras da universidade a medio e a longo prazo | 25.7.1 | Indicadores recollidos no Plan de captación e retención do talento | Non dispoñible | Non dispoñible | = |
| Obxectivo 25 | Deseñar unha política integral que permita unha carreira profesional real, a súa formación ao longo da vida profesional e unhas adecuadas condicións de traballo | 25.8.1 | Indicadores recollidos no Plan de captación e retención do talento | Non dispoñible | Non dispoñible | = |

## Análise

- O descenso do número de ofertas en EURAXESS (indicador **25.2.1)** pode deberse a cambios derivados da entrada en vigor do novo Real decreto de contratación de persoal. A creación de figuras de persoal indefinido reduce o número de procesos de contratación. Non obstante, poderían existir outras causas, o cal se avaliará en futuros seguimentos.
- Segue pendente a aprobación dun plan de captación e retención de talento que afecta directamente aos indicadores **25.5.1**, **25.7.1** e **25.8.1**.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 26. Captar estudantado con talento

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 26.1 | Fomentar a captación de estudantes con talento | Iniciada | ➔ ➔ |
| 26.2 | Incorporar o mellor persoal docente e investigador captando estudantes de doutoramento con currículo contrastado | Pendente | = |
| 26.3 | Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política de taxas e de prezos públicos | Iniciada | ↘ ↘ ↘ |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 26 | Fomentar a captación de estudantes con talento | 26.1.2 | Evolución do perfil de acceso do estudantado nas titulacións de grao e mestrado | No portal de transparencia publícase anualmente o informe ACC. Acceso e matriculación inicial no que se detalla a nota media para cada titulación desagregada por cada perfil de acceso | No portal de transparencia publícase anualmente o informe ACC. Acceso e matriculación inicial no que se detalla a nota media para cada titulación | → |
| Obxectivo 26 | Fomentar a captación de estudantes con talento | 26.1.3 | Taxa de preferencia | Curso 2020/2021<br>Taxa de preferencia global: 141 %<br>Preinscritos en primeira opción/Número de prazas ofertadas | Curso 2021/2022<br>Taxa de preferencia global: 139,84 %<br>Preinscritos en primeira opción: 3710/Número de prazas ofertadas: 5188 | → |
| Obxectivo 26 | Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política de taxas e de prezos públicos | 26.3.1 | Número de estudantado bolseiro desagregado por financiador/programa | Curso 2019/2020<br>Véxase a memoria de bolsas: 1432 bolsas concedidas<br>A desagregación pode consultarse na memoria de bolsas | Curso 2020/2021<br>1208 bolsas concedidas<br>A desagregación pode consultarse na memoria de bolsas | ↘ |
| Obxectivo 26 | Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política de taxas e de prezos públicos | 26.3.2 | Evolución das contías destinadas ás bolsas | Curso 2019/2020<br>Véxase a memoria de bolsas: 1.675.433,85 €<br>A desagregación por programas pode consultarse na memoria de bolsas | Curso 2020/2021<br>Importe 1.511.684,92 €<br>A desagregación pode consultarse na memoria de bolsas | ↘ |
| Obxectivo 26 | Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política de taxas e de prezos públicos | 26.3.3 | Evolución dos prezos públicos | Curso 2019/2020<br>Véxase a memoria de bolsas:<br>Prezos públicos: 14.245.803 € | Curso 2020/2021<br>Prezos públicos:<br>13.446.852 € | ↘ |

## Análise

- Os indicadores **26.3.1** a **26.3.2** poden analizarse con máis detalle consultando o informe anual do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos.[8]
- En termos xerais, obsérvase un descenso nos valores dos indicadores do curso 2021/2022. Unha posible causa podería ser o efecto «saída da pandemia», xa que certas bolsas foron incrementadas puntualmente en 2020 para paliar o impacto da pandemia no estudantado.

[8] uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2022-07/2020_2021_memoria_bolsas.pdf

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 27. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade

Eixe estratéxico




Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 27.1 | Desenvolver unha política de xestión de responsabilidade social corporativa, incluíndo un compromiso cara á sustentabilidade medioambiental e vertebrando accións de voluntariado | Iniciada | ↑ → |
| 27.2 | Elaborar un plan integral no marco da atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades dentro da comunidade universitaria | Pendente | = |
| 27.3 | Continuar co impulso das políticas e dos plans de igualdade dentro da comunidade universitaria | Iniciada | → |

## Evolución dos indicadores

| Número de obxectivo | Acción estratéxica | Número de indicador | Indicador | 2021 | 2022 | 2022 *vs.* 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivo 27 | Desenvolver unha política de xestión de responsabilidade social corporativa, incluíndo un compromiso cara á sustentabilidade medioambiental e vertebrando accións de voluntariado | 27.1.1 | Memoria de responsabilidade social corporativa da Universidade de Vigo. Análise dos indicadores dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) | Nas memorias de RSU 2019 e 2020 publícase un índice co aliñamento con cada ODS | Publicación do primeiro informe do desempeño dos ODS da Axenda 2030 | ↑ |
| Obxectivo 27 | Desenvolver unha política de xestión de responsabilidade social corporativa, incluíndo un compromiso cara á sustentabilidade medioambiental e vertebrando accións de voluntariado | 27.1.2 | Posicionamento nas clasificacións de responsabilidade social e transparencia | 2021<br>THE Impact posición 201-300 | 2022<br>THE Impact posición 201-300 | → |
| Obxectivo 27 | Continuar co impulso das políticas e dos plans de igualdade dentro da comunidade universitaria | 27.3.1 | Plan de igualdade | III Plan de igualdade en vigor | III Plan de igualdade en vigor | ✓ |

## Análise

- Destaca a publicación do primeiro informe de desempeño dos ODS da Axenda 2030.[9]
- A posición da UVigo na clasificación THE (indicador **27.1.2**) é estable.

[9] uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030

**Non iniciado 2021**

**Non iniciado 2022**

## Obxectivo 28. Contribuír á transformación dixital da universidade




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 28.1 | Elaborar un plan director TIC que acade a análise da estrutura organizativa, o catálogo de servizos, o mapa de procesos TIC, as metodoloxías de xestión e desenvolvemento de proxectos, e o plan de formación do persoal técnico TIC | Pendente | = |
| 28.2 | Implantar un sistema de xestión dos procesos de TIC | Pendente | = |

## Análise

- As dúas accións do obxectivo 28 están pendentes de iniciarse.

**En proceso 2021**

**En proceso 2022**

## Obxectivo 29. Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo

Eixe estratéxico

Valor/Identidade




Axenda 2030




| Número de acción | Acción estratéxica | Estado | Evolución 2021/2022 |
|---|---|---|---|
| 29.1 | Establecer mellores canles de comunicación entre a universidade e as asociacións estudantís para integralas no ámbito universitario | Iniciada | = |
| 29.2 | Establecer relacións entre as asociacións e os diversos plans de estudo das titulacións, de xeito que se oriente o estudantado a asociacións relacionadas cos seus intereses | Pendente | = |
| 29.3 | Dar soporte de infraestrutura ás asociacións, ofrecéndolles espazos acondicionados dentro da universidade onde poidan realizar as súas actividades | Pendente | = |
| 29.4 | Garantir unha política de subvención ás asociacións que lles permita desenvolver as súas actividades dentro do ámbito universitario e asegurar unha repartición proporcional dos recursos en función da súa magnitude | Pendente | = |
| 29.5 | Mellorar a accesibilidade en período lectivo e non lectivo dos tres campus universitarios facilitando os desprazamentos e o acceso aos centros e instalacións | Iniciada | = |
| 29.6 | Aumentar as campañas de promoción das actividades extracurriculares do estudantado a través das redes sociais en diversos formatos multimedia que resulten atractivos | Iniciada | = |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 29.7 | Establecer unha estratexia común de asociacionismo fomentando o intercambio de coñecemento entre os grupos de interese apoiado pola universidade. Este implicará o sector empresarial e de investigación, e a universidade será un medio para mellorar ou para conseguir estas relacións | Pendente | = |

## Análise

- Non se posúen indicadores válidos do obxectivo 29. A comisión deberá reformular estes indicadores.